

## POLÍTICA DE CALIDADE

O Centro de Día de Vigo (Beiramar) presta servizos especializados para o coidado dos enfermos de Alzheimer, así como de acompañamento e apoio ás súas familias.

O Centro de Día de Vigo (Beiramar) pretende que estes servizos, sexan sinónimo de confianza para os seus clientes, pola súa calidade, comprometéndose a realizar as súas accións, segundo os requisitos acordados con cada un dos seus clientes, cumprindo a normativa que puidera ser aplicable e mellorando continuamente a eficacia do Sistema de Xestión da Calidade implantado.

Por todo isto a Dirección do Centro de Día de Vigo (Beiramar) quere:

- Dotar a cada área do centro obxecto do alcance do Sistema dos mecanismos destinados a detectar problemas de calidade, descubrir as súas causas e eliminalas.
- Implantar un Sistema de Xestión da Calidade, que lles permita adiantarse ás peticións dos diferentes grupos de interese.
- A rápida e eficaz xestión das posibles reclamacións que os clientes dos centros obxecto do alcance deste Sistema, poidan facer, dando unha imaxe de seriedade e preocupación polos seus problemas, co fin de manter unha estreita colaboración con eles.
- *Cos usuarios:* 1- Ofrecer unha atención e un trato cordial, amable e acolledor. 2- Garantir a confidencialidade da información. 3- Atención profesional individualizada a través dun Plan Individualizado de Atención (PIA).

- Coas *familias*: 1- Ofrecer unha atención e un trato cordial, amable e acolledor 2- Comunicación periódica informativa e clara, sobre o programa de intervención ofrecido ó seu familiar. 3- Ofrecerlles asesoramento e apoio cando así nolo demanden.
- Cos *traballadores*: 1- Facer posible un plan de formación continua individual, acorde coas necesidades da entidade. 2- Definir o perfil de cada posto de traballo. 3- Ofrecer unha remuneración económica de acordo co seu posto

A Dirección do Centro de Día de Vigo (Beiramar) comprométese a coidar que sexan respectadas as disposicións descritas na documentación do Sistema de Xestión da Calidade, contando coa colaboración da persoa Responsable de Calidade e poñendo todos os medios necesarios.

Vigo a 31 de xaneiro de 2012



*Fdo.:* Juan Carlos Rodríguez Bernárdez

Director do centro de día de Vigo (Beiramar)